



O día 1-10-09 volvi-
mos á ermida do Por-
tiño, despois de ir á
ve-lo faro da Frouxeira
por dentro. Volvi-
mos porque Mercedes
e Pilar Souto foron
amables e nos abri-
ron a capela...

Dixéronnos que a coi-
daban os de Taraza,
que un señor a pinta
gratis e que a xente
lles da cartos para que
teña todo o ano flores
frescas...

Madalena contou-
nos que os, agora, illotes
da dereita da capela,

Her-



Herbeiras?



beiras, tamén estaban unidos á terra e
había herba alta, alí subían as vacas ó
lindeiro e tamén collían herba que botan
en sacos e tiraban polos cantís, col-
lianos embaixo e metíanos nun carro
para levalos á casa, polos anos 40...

Madalena ampliou datos sobre David. David apareceu ós 52 días, co corpo estendido, a lis de



Alex, na foto, está diante das rochas onde apareceu el
co corpo e roupa completo só lle faltaba un cacho de
cara que apareceu nas escaleiras, ela di que é un mi-
lagre que aparecera así de enteiro e sen rachar nada,
foi o único dos aparecidos do mar que veu dar a ese
sitio, dentro do Portiño.

Contounos tamén que antigamente O Portiño
foi un enclave de mariñeiros, antes o illote da ermi-
da estaba unido a terra, non era illa, senón cabo, e o
mar foi traballando nel, pero mesmo agora sempre se
pode ir á ermida, incluso en marea alta, salvo se hai
mar forte ou son mareas vivas.



Vistas desde o alto do faro da Frouxeira

O pico da Vela



Sinala onde apareceu o corpo de David, según Madalena.





trás... e se nos fixamos sente os vestixios das pre-cristiáns, de lugar dos mortos hacia as es-

**VIRXE DO PORTO
NAI MARIÑEIRA
LUZ QUE NOS GUÍA
POLA RIBEIRA**

Trocas en firme esperanza
a dor e as bágoas da morte
e sentimo-lo agarimo
das túas mans que nos acollen

Virxe da Estrela do Porto:
ti aluméa-lo camiño
cos teus ollos cheos de ceo
e cos do teu pequeniño

Peregrinos pola area
chegamos á túa capela
e, agarimosos, cantamos:
¡SALVE, DOS MARES ESTRELAS!

A estampa que teñen na eirexa ten este escrito por detem pre-cenzas de guía trelas.